

Concurso literario e artístico *Cousas de Castelao*

1. Obxectivo

No ano no que celebramos o 75 aniversario da morte de Alfonso R. Castelao, este concurso busca promover a creación literaria e artística inspirada nos seus debuxos. Animamos a comunidade educativa a crear obras orixinais e inéditas nas que se combine a ilustración e o texto, emulando o espírito crítico do autor.

2. Participantes

O concurso estará aberto a toda a comunidade educativa da EOI: alumnado, profesorado e persoal non docente. Cada participante poderá enviar unha única obra.

3. Temática

As obras estarán inspiradas no estilo do libro *Cousas* de Castelao: ilustracións acompañadas dun texto breve que propoñan reflexións críticas sobre a vida, a situación social ou a cultura galega. A ilustración deberá estar relacionada co texto, complementándoo e enriquecéndoo.

4. Requisitos das obras

- **Texto:**
 - Máximo de 200 palabras
 - Escrito en lingua galega
 - Orixinal e inédito
- **Ilustración:**
 - Orixinal e realizada pola persoa participante
 - Técnica libre (debuxo á man, dixital, collage, etc.)
 - Arquivo en formato JPG ou PNG
 - Tamaño recomendado: A4 ou 1080 x 1350 píxeles (vertical)

Non está permitido o uso de ferramentas de Intelixencia Artificial para a creación total ou parcial do texto e/ou da ilustración.

5. Presentación das obras

As obras deberán enviarse en formato dixital, preferiblemente nun único documento PDF, ao correo electrónico do EDLG: edlg.eoiou@gmail.com.

O texto da mensaxe de correo electrónico deberá incluír obrigatoriamente a seguinte información:

- Nome e apelidos da persoa participante
- Lingua que estuda e nivel (ou posto que desempeña na EOI no caso do persoal docente e non docente)
- Teléfono e correo electrónico

Moi importante: As obras que non vaian acompañadas da información requirida non poderán participar no concurso.

6. Prazo de presentación

O prazo de presentación das obras será **do 7 de maio ao 6 de xuño de 2025**.

7. Xurado

O Xurado estará composto polo profesorado que forma parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EOI. Valorarase:

- A orixinalidade e creatividade do texto e da ilustración.
- A conexión e harmonía entre texto e ilustración.
- A capacidade da obra para evocar o estilo e o espírito de Castelao.

8. Premio

A persoa gañadora recibirá un vale de **50 €** para unha librería local.

9. Propiedade intelectual

As persoas participantes conservarán todos os dereitos sobre as súas obras, pero a EOI poderá publicalas na súa páxina web e nas redes sociais do centro, única e exclusivamente con fins promocionais e non comerciais.

10. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases na súa totalidade

NOTA: *Este concurso está inspirado nun concurso similar organizado polo IES Castelao de Vigo. Grazas pola idea!*

